
ALLUMETTE

Texto e ilustracións de TOMI UNGERER

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

Encadernado en cartón. 20 x 28 cm. 40 páx. 15 €.

PREMIO HANS CHRISTIAN ANDERSEN 1998

LIBRO DESTACADO POLO MINISTERIO DE EDUCACIÓN DE FRANCIA

Allumette (galego)

ISBN 978-84-8464-360-9. Tras os montes.

Allumette (castelán)

ISBN 978-84-8464-346-3. Clásicos contemporáneos.

Allumette (catalán)

ISBN 978-84-16804-35-1. Clásicos contemporanis.

Allumette (portugués)

ISBN 978-989-749-093-4. Clásicos contemporâneos.

*Tanto no verán como no inverno, na primavera como no outono,
Allumette vestía farrapos. Non tiña nin casa nin familia,
Allumette alimentábase dos restos que encontraba nos caldeiros
do lixo, refuxiábase nos portais e durmía en coches abandonados.
Gañaba a vida vagando pola cidade, vendendo mistos
que ninguén quería...*

“A vendedora de mistos” de Andersen adquire unha dimensión especial nesta versión de Tomi Ungerer de 1974, que ben encaixa na actualidade, evidenciando que as peores cualidades do xénero humano non foron senón a peor dende tempos antigos. Moi crítico coa sociedade, o autor retrata a agresividade, a cobiza, o elitismo, a supremacía do poder e os excesos do materialismo nun texto narrativo descritivo -quizais dos máis elaborados de Ungerer dende o punto de vista literario- e unhas ilustracións expresivas, ricas en detalles e colorido, combinando viñetas con recursos gráficos que acentúan o dinamismo do relato.

Ambientada no Nadal como a obra primixenia, neste caso Allumette é protagonista dun insólito milagre cando unha treboada lle brinda toda clase de alimentos e obxectos; un maná que, pola contra, sepulta en castigo a quen a maltratara. A diferenza do clásico do século XIX, esta historia infunde esperanza no futuro da humanidade, coa nena como exemplo de xenerosidade, entrega aos desfavorecidos e capacidade para xerar unha vaga de solidariedade que culmina creando unha gran asociación internacional de voluntarias e voluntarios.



TOMI UNGERER



Kalandraka

-
- **Temática:** versión moderna do clásico de Andersen “A vendedora de mistos”.
 - **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
 - **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil e xuvenil contemporánea; Nadal; crítica social ao materialismo e ao poder; xenerosidade, solidariedade cos desfavorecidos; do autor e ilustrador de “Caracol, onde estás?”, “Onde está o meu zapato?”, “Os tres bandidos”, “Críctor”, “Adelaida”, “Emilio” e “Rufus, o morcego que adoraba as cores” (Kalandraka).
-

Tomi Ungerer

(Estrasburgo, 1931)

O ambiente bélico dos seus primeiros debuxos reflectía o seu rexeitamento á guerra e ao fascismo. En 1956 emigrou a Nova York, onde comezou a escribir libros infantís que tiveron moito éxito. Publicou en medios tan importantes como The New Yorker, Esquire, Life Show ou Fortune. Xa no cumio da súa carreira durante os anos 60, Ungerer plasmou na súa obra a súa reacción contra a hipocresía e a superficialidade da sociedade americana. Mudouse a unha granxa en Canadá e a finais dos 70 trasladouse a Irlanda coa súa familia. A súa produción, que abrangue catro décadas de creación, calcúlase entre 30.000 e 40.000 traballos de diferentes estilos, e máis de 120 libros. Entre outros galardóns, recibiu a Medalla de Ouro da Sociedade de Ilustradores e o Premio Hans Christian Andersen en 1998. Ademais de debuxante, tamén desenvolveu outra faceta como filántropo, colaborando en causas humanitarias.

<http://www.tomiungerer.com>

<https://www.musees.strasbourg.eu/musee-tomi-ungerer>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
